

Bell: amor más allá de la muerte

Care Santos (860N-SAN-bel)




Bel xa non reconece aquilo que formaba o seu mundo. Todos os seus seres queridos parecen haberse convertido en estraños. Non ten nin idea de que está pasando, pero está disposta a pescudalo; aínda que teña que soportar as consecuencias de sabelo todo. Doutro xeito, podería perder a Isma, o amor da súa vida, para sempre.

Medianoche (860-GAR-med)


Grey, Claudia

Un internado onde nada é o que parece. Dous adolescentes atraídos por unha forza magnética. Un secreto escuro e perigoso. E unha única certeza: entregarse ao amor é xogar con lume... Bianca, que ven dunha familia de vampiros, e Lucas, un xoven cazavampiros, protagonizan unha historia de amor moi perigoso... pero adic-



A cova das vacas mortas

Jaureguizar (869N-JAU-cov)




Xoel é un mozo de Negueira de Muíiz que vive coa súa nai, de orixe alemá. Farto da vida que leva soña con poder marchar de alí e embarcar nun petroleiro. A vida de Xoel muda o día en que o seu avó, viúvo e enfermo de alzheimer, chega dende Berlín para reatoparse coa filla. Entre a equipaxe, trae unha maleta chea de fitas de cine e máis unha cámara super 8. Neses días Xoel coñece tamén a Iria. Entre eles nacerá unha historia de amor enfrontado pois defenden diferentes ideas sobre unhas expropiación e sobre o nazismo.

Durmindo sobre os espellos (869N-SIE-dur)


Jordi Sierra i Fabra

Un rapaz de 19 anos pensa que o seu avó está morto. Un día, trala morte do seu tío Benxamin, a súa avoa mándao á súa casa a buscar uns papeis e descobre unha caixa con cartas do seu avó. Tamén descobre que está vivo e que a última carta é de hai 15 anos. Diego, que así se chamaba o rapaz, decide ir a Cuba na súa procura. Alí coñece unha rapaza chamada Tania e namórase dela, que é quen lle axuda a buscar ó seu avó.



O lobishome de Candeán Paula Carballeira

(869N-CAR-lob)



Dáenos noticia da morte de Elvira baixo as gadoipas dun lobishome, da aparición do cadáver e do seu enterro. Toda a parroquia xúntase no enterro e comenza a funcionar como un xuíz colectivo: desenvólvense as pescudas para identificar ao lobishome e vanse decantando as actitudes dos personaxes. As pescudas rematan coa detención do lobishome na súa propia casa. Logo, as augas van volvendo ao rego da "cruel normalidade", salvo algunhas excepcións...

Biblioteca

IES Pedra da Aguia

Guía de Lectura



Si no século XVIII, o filósofo Kant propuxo como lema da Ilustración *sapere aude* (atrévete a pensar), nós propoñemos este outro para o século XXI: *legere aude* (atrévete a ler). Porque ler, hoxe, é unha decisión para a que se necesita certa audacia, pero podemos asegurar que quen se arrisque a elo nunca se arrepentirá.


(Eliacer Cansino)

A dama da luz

Agustín Fernández Paz/Jorge Magutis

O avó de Marta garda na súa memoria un enigmático segredo que fala de seres estranos que habitaban na cidade cando era moi distinta, apenas había coches e a xente non vivía coas présas de hoxe, seres como a Dama da Luz ou o Home das Sombras, e de lugares misteriosos como a Casa do Outeiro ou a mítica illa de San Brandán. Un día, algo especial sucede. E entón Marta coñecerá por fin o sorprendente segredo que o seu avó gardaba.


A dama da Luz é un fermoso álbum ideado e ilustrado por Jorge Magutis e escrito por Agustín Fernández Paz.



Los elegidos I (860N-CUR-ele)

Marianne Curley

Imaxina que foses capaz de cambiar o pasado e así evitar unha cadea de catastróficos acontecementos no futuro. Ethan é un dos **Elixidos**, un gardián do tempo que ten a misión de loitar contra a Orde do Caos. Pero, Ethan tamén é un mozo normal, que vai a clase e esforzase en facer os deberes todos os días. E cando lle asignan de Aprendiz a unha compañeira de clase, a liña que separaba as súas dúas vidas empeza a difuminarse. Ethan deberá usar toda a súa astucia e habilidade para protexerse e protexer aos seus.



Morte desde seis vinte e cinco

Jordi Cervera (869-CER-mor)

O brutal asasinato dunha muller e de seu fillo, a familia dun famoso xogador de baloncesto procedente de NBA, sacode a vida cotiá dunha tranquila cidade catalá. Ninguén imaxinaba que aquilo puidese ocorrer, coma quen di, na porta do veciño. O sarxento Joan Pons e os seus homes atoparán unha maquinación tecida minuciosamente durante anos para gozar dunha cruel vinganza.

Antes de resolver o dobre crime, a Brigada de Investigación terá que enfrontarse a presións e trampas até descifrar o enigma.

Una habitación en babel (860N-CAN-hab)


Eliacer Cansino

A Torre é o maior edificio do pobo, un bloque no que viven tantas persoas como en toda a urbanización de casañas encostadas que acaban de construír nos arredores. Persoas instaladas en estantes do aire, como libros, cada un coa súa historia, algunhas boas e outras malas. Nela viven Anxo e Gil, Nor e Berta, Rashid e Stéfano. Cada un na súa habitación da Torre, falando co seu propio acento, pero obrigados a entenderse cando descubren que pertencen a unha mesma historia.



Poderosa (860N-KLE-pod)

Sergio Klein



Unha moza de 14 anos ten o don que moitos adolescentes desexan: posúe o poder de cambiar o que ocorre ao seu redor. Cando se decata do seu poder comeza a escribir cousas para que se fagan realidade, como salvar a relación de parella dos seus pais, facer que a súa mellor amiga non vexa que seu pai sae con outra muller, transformar á súa avoa nunha moza con tatuaxes e piercings, ademais de darlle alegría ás persoas que a rodean. A condición é que ten que escribir os seus desexos coa man esquerda...

Mi gato Angus, el primer morreo y el plasta de mi padre

Louise Rennison (860N-REN-gat)

A vida de Georgia Nicolson a través do seu diario. Georgia reside en Inglaterra coa súa familia e o seu gato Angus, e enamórase dun rapaz chamado Robbie, ao que ela chama o *Deus Sexy*. Toma clases para aprender a bicar con Peter Dyer, un suposto experto no tema. Georgia finalmente consegue a Robbie, pero non todo vai según o previsto.



Lectores Adultos



El tiempo entre costuras

María Dueñas (860N-DUE-tie)


A modista Sira Quiroga abandona Madrid nos meses previos ao alzamento arrastrada polo amor desbocado cara a un home a quen apenas coñece. Con el instálase en Tánxer, unha cidade exótica e vibrante onde todo pode suceder, ata a traizón.

Sira trasládase, soa, a Tetuán. Grazas á axuda de novas amizades, de reputación un tanto dubidosa, forxará unha nova identidade e logrará poñer en marcha un selecto taller de costura no que atenderá a unha moi diversa clientela. A partir de entón o destino de Sira queda ligado ao dun puñado de carismáticos personaxes que a empuxarán cara a un inesperado compromiso no que as artes do seu oficio ocultarán algo moito máis arriscado.

Los gozos y las sombras

Gonzalo Torrente Ballester (860N-TOR-goz)

Triloxía que consta de: El señor llega (1957), Donde da la vuelata el aire (1960) e La Pascua triste (1962). En Pueblanueva do Conde, unha vila imaxinaria situada nalgún punto das rías galegas, entre os anos 1934 e 1936, desenvólvese a crónica das últimas familias rentistas tradicionais. O pobo galego asiste ao despegamento das industrias pesqueira e conserveira, así como ao empuxe dos emigrantes que regresan enriquecidos de ultramar. Nesta situación, as familias Aldan, Deza, Churruchao e Sarmiento áchanse enfrontados a Cayetano Salgado, dono dos estaleiros locais e novo cacique da poboación, co ambiente da preguerra civil española de fondo.




O bosque animado (869N-FER-bos)

Wenceslao Fernández Flórez

O bosque animado é o grande libro da Fraga de Cecebre, situada no concello de Cambre, preto da Coruña. Nestas páxinas vibrantes, Fernández Flórez narra as historias pequenas dos habitantes da fraga: Fendetestas, Xeraldo, Hermelinda, Pilara, Marica, etc., e tamén dos aparecidos ou fantasmas que pasean polo bosque: a alma en pena de Fiz Cotobelo e por suposto de Hu-Hu e as súas moscas, do clan dos gatos ceibes, ou das árbores que cren

Información



Nosotros los chicos

Olivier Lhote

¡Non sempre resulta fácil ser un mozo de entre 9 e 15 anos! O teu corpo cambia, e ti transfórmaste tamén: aínda non es un adulto, pero tampouco un neno exactamente. Empezas no Instituto? Ese si que é outro gran cambio. Con axuda desta guía, atoparás respostas a todas as túas preguntas.